

2

A EUROPA FEUDAL



Un feudo medieval

Na Idade Media formouse, en Europa occidental, un novo sistema político, económico e social: o feudalismo.

O monarca entregáballes as terras (feudos) a nobres e eclesiásticos para que as gobernasen no seu nome. A cambio, estes convertíanse en vasalos do rei, xurábanlle fidelidade e prestábanlle axuda nas súas empresas militares.

A poboación estaba formada na súa maioría por **campesiños**. Moitos deles convertéronse en **servos** dos nobres a cambio de protección.

1 Que é o feudalismo? Explica en que consiste:

SISTEMA POLÍTICO, SOCIAL E ECONÓMICO
(apuntamentos na A.V.)

2 A que se dedicaba a maioría da poboación? Que lle aconteceu a gran parte dela?

- Ao campo, o campesiñado.
- Loaron na SERVITUDE (servos)

3 Estas imaxes amósanche os tres elementos ou grupos sociais nos que se dividía a sociedade feudal: nobres, eclesiásticos e campesiños. Escribe debaixo de cada unha o grupo social ao que corresponde:



NOBREZA



CAMPESIÑOS



ECLESIASTICOS

1 O nacemento da Europa feudal

- A finais do século VIII, **Carlomagno**, rei dos franceses, unificou gran parte dos territorios de Europa occidental e proclamouse emperador. Pero á súa morte, o seu Imperio dividiuse en varios reinos.
 - Ademais, entre os séculos IX e X, normandos (viquingos), musulmáns e húngaros atacaron e invadiron as terras de Europa occidental.
 - Ante esta crise xeneralizada, e dado que o poder das monarquías era moi feble, os reis para poderen gobernar, pedíronlles axuda aos **nobres** que posuían exércitos. Polo seu apoio, o rei dáballes terras e poder, e convertíanse nos seus **vasalos**. Isto orixinou o **feudalismo**.
 - Estes nobres transformáronse en **señores feudais**, con grandes propiedades e cargos que eran hereditarios. Tamén se converteron na única autoridade nos seus territorios.
- Os campesiños acudían a eles na procura de protección ante as ameazas de posibles ataques.
- A sociedade medieval estaba dividida en **estamentos** ou grupos sociais aos que se pertencía por nacemento e para toda a vida: os **privilexiados** (nobreza e clero) e os **non privilexiados** (artesáns e campesiños).




- 1 Completa este texto coas palabras que faltan:

No século VIII, Carlomagno, rei dos **FRANCOS** e **OCIDENTAL** unificou gran parte dos territorios de **EMPERADOR** e proclamouse **EMPERADOR**.

- 2 Observa a segunda imaxe e responde:

- Que lle entrega o rei ao nobre? **UN FEUDO**
- Que lle ofrece o nobre ao rei? **FIDELIDADE**
- Por que cres que o nobre está de xeonllos? **POIS É UNHA CERIMONIA DE FIDELIDADE, DE ENTREGA DUN FEUDO**

- 3 Fíxate na pirámide social e debuxa os personaxes que escaparon do seu sitio. Escribe despois o nome de cada un deles.



- Quen eran os privilexiados? **REI - NOBREZA - CLERO - CABALEIROS. NON PAGABAN IMPOSTO**
- Quen eran os non privilexiados? **OS ARTESÁNS, CAMPESIÑOS etc.**

2 A monarquía e a nobreza feudal

- Segundo a Igrexa, os **monarcas** eran os representantes de Deus na Terra, e tiñan a misión de gobernar e manter unido o seu pobo.
- Os territorios dun reino estaban formados polas posesións que un monarca tiña baixo a súa autoridade.
- O rei posuía estas **atribucións** exclusivas:
 - Dirixir campañas militares, ás que acudían os nobres cos seus exércitos.
 - Pedir impostos para guerras, coroacións, vodas...
 - Exercer de xuíz supremo en litixios ou preitos.
- Xunto ao rei atopábase a **nobreza**, cuxa principal actividade era a guerra.
- Os fillos das familias nobres eran armados **cabaleiros** aos 18 anos.
- Os nobres loitaban para defender o seu territorio ou para lle prestar axuda ao monarca ou a outro señor.

Tiñan grandes **privilexios**: non traballaban, non pagaban impostos e eran os únicos que podían levar armas.

- O rei e mais os nobres vivían en **castelos**, que lle servían de refuxio á poboación en caso de ataques. Nos castelos había poucas comodidades. Nun mesmo cuarto adoitaban vivir varias persoas da familia e do servizo.
- Ás veces, organizábanse banquetes con xogares e trobadores que contaban historias, cantaban romances ou facían malabarismos.

1 Quen era o monarca?


E os cabaleiros?

2 Observa o debuxo dun castelo medieval e escribe nos recadros en branco as actividades e dependencias correspondentes:

- pozo
- ferraría
- patio de armas
- cociña
- entrada
- forno

3 Agora fíxate nas zonas e construcións sinaladas cun número e indica a súa función:

- DEFENDIA O CASTELO
- SALON PARA ACOGER VISITAS
- PARA PRINCIPAL VIVERES, GRANO
- PARA OS LABAOS DO CASTELO, LABOIRAS
- PARA A VIDA ESPIRITUAL DO CASTELO
- PARA OS CABALEIROS E GUERRIROS



3 As terras do feudo e os campesinos

- As terras que un rei ou un nobre lle outorgaba a outro señor feudal chamábase **feudo**.
- O señor feudal reservaba as mellores terras para el, e traballábanas os seus servos. O resto repartíalleas a campesinos a cambio do pagamento dunhas rendas.
- O señor feudal ditaba ordes, impartía xustiza e impoñía impostos.
- Podemos distinguir dúas categorías diferentes de campesinos:
 - Os **campesinos libres**, que podían ser propietarios das súas terras, casar, abandonar o feudo...

- Os **servos**, que non tiñan liberdade e estaban ligados á terra do señor.
- A economía campesina era de **autoconsumo**, isto é, vivíase do que se producía.
- Os campesinos tecían a roupa, cortaban a madeira e fabricaban as súas ferramentas agrícolas, que eran moi rudimentarias.
- Vivían en pequenas aldeas e vilas ou en casas espaxeadas polo campo.

As vivendas eran sinxelas, con só un ou dous cuartos. O chan era de terra, cun fogar ou lar para quentarse, iluminar e cocinar. O mobiliario era escaso.

1 Explica que diferenzas existían entre estes dous tipos de campesinos:

Campesinos libres:

podían ser propietarios, casar e abandonar o feudo

Servos:

estaban ligados á terra, eran propietarios do señor

2 Explica como era a casa campesina e completa estas frases:

- O tellado era de

PALLA

e as paredes de

MADEIRA

e

BARRO

- No andar alto estaba a

CAMA

e no andar baixo a

corte


e a cociña.

- Na cociña había un

FOGAR

e unha

mesa e bancos



UN FEUDO MEDIEVAL

3 Observa o debuxo do feudo medieval e responde as seguintes preguntas:

- Como é a aldea desta ilustración? Que construcións ten?

Esta dentro dun feudo: castelo, aldea, ferreiro, ponte, igrexa, terras traballadas.

- Ademais de viviren na aldea, onde habitaban algúns dos campesinos?


Había casas de campesinos libres e

- Enumera as propiedades que tiña o señor deste feudo:

Todo o feudo: bosques do señor, prados do señor, terras do señor, ponte, castelo etc.

4 A Igrexa cristiá. Os mosteiros

- Na Idade Media, a Igrexa regulaba a vida social e privada de todas as persoas e fixaba as obrigas relixiosas: rezar, ir á misa os domingos, confesarse unha vez ao ano, xaxuar, comungar por Pascua, etc.
- Dado que a maioría da poboación se dedicaba á agricultura, a Igrexa estableceuse, sobre todo, no campo para evangelizar e dirixir a vida dos campesiños.
- Para iso construíron igrexas en todas as aldeas, onde acudían os fieis, e **mosteiros**, que se converteron en importantes centros de cultura.
- Nos mosteiros conservábanse e copiábanse libros, e ensinábanse a ler e a escribir. Estaban formados por un conxunto de edificios (cortes, celeiro, bodega...) e contaban con terras traballadas por campesiños e servos.
- Os monxes e monxas estaban sometidos a unha **regra** ou conxunto de normas. As actividades (o rezo, a lectura, a comida, o traballo...) estaban suxeitas a un horario e a mais a unha estrita disciplina.
- Entre as diferentes ordes relixiosas salienta a dos **beneditinos** ou **bieitos**, fundada por San Bieito, que se espallou por toda Europa.




UN MOSTEIRO MEDIEVAL

1 Que regulaba a Igrexa na Idade Media? Que obrigas fixaba?

A vida social e privada, a relixiosa, misa, xaxuar, etc.

2 Lembra o texto e relaciona con liñas estes dous grupos de palabras:



Monxas medievais dedicadas á oración.

3 Explica as actividades que realizaban estes monxes:

1º oraban
2º TRABALHAR A TERRA



4 Completa o seguinte cadro co nome e a función dunha serie de dependencias dun mosteiro:

(tanto do mosteiro como da aldea)

Dependencias	Función para a comunidade
1 DORMITORIOS	→ dos monxes e servos do mosteiro
2 REFECTORIO	→ o comedor
3 BIBLIOTECA	→ scriptorium / copiar libros
4 ENFERMARIA	→ para curar aos habitantes
5 TALLER	→ para orar
6 CORTES	→ para o cultivo
7 COCINA	→ para cozinhar

5 A arte románica

• O estilo artístico máis representativo do mundo feudal é o **Románico**, que se desenvolveu en Europa entre os séculos XI e XIII.

• As **igrexas** románicas adoitábanse construír en pedra. As súas principais características son:

- A **planta** adoita ter forma de **cruz latina**.
- Para reforzar os muros engádense **contrafortes** no exterior.
- Teñen con frecuencia unha **torre-campanario**, que servía para chamar á oración e como torre de vixilancia.

• O Románico utilizaba pinturas e esculturas de **carácter relixioso** para decorar as igrexas e para lle explicar ao pobo os feitos sagrados da Biblia.


• Na súa maioría son **pinturas ao fresco**: estendiase unha grossa capa de xeso sobre o muro, e pintábase cando estaba húmida para que se fixasen mellor as cores.

• Tamén se pintaba sobre **táboas de madeira** cubertas dunha capa de xeso. Os libros relixiosos ilustrábanse con **miniaturas**.

• As **esculturas** románicas adoitaban realizarse nas portadas das igrexas, nas columnas e piares e nos chapiteis.

Representábanse imaxes de Cristo, da Virxe, figuras de santos e apóstolos, etc.

Tamén se realizaban **tallas en madeira**, pintadas con cores vivas.





Pantocrátor da igrexa de Santo Isidoro de León.



Portada da igrexa da Madeleine de Vézelay (Francia).

3 Observa o debuxo dunha igrexa románica e as fotos que están ao seu arredor. Une cunha liña as fotos co seu nome e co lugar da igrexa onde se atopan:



4 Cantas naves ten a igrexa do debuxo?

Que forma ten a planta desta igrexa?

3

CRUZ LATINA

no interior decorábanse con pinturas e mosaicos.
As esculturas nas portadas
 Tíñan PLANTA DE CRUZ LATINA; OS MUROS REFORZÁBANSE CON CONTRAFORTES NO EXTERIOR, EXISTEN UNAS TORRES-CAMPAÑARIO.
 2 Que tipos de pintura se realizaban no Románico?
 FRESCOS NO INTERIOR; MINIATURAS NOS LIBROS RELIXIOSOS.

